

ELMER E O OSIÑO PERDIDO

Texto e ilustracións de DAVID McKEE

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ

Encadernado en cartón. 20 x 23 cm. 32 páx. 15

€. ISBN 978-84-8464-490-3. Tras os montes.


*O ceo xa estaba escuro e estrelado cando Elmer,
o elefante de retallos, sentiu chorar. Era o bebé elefante.
-Non pode durmir -dixo a mamá elefanta-. Quere o seu osiño.
Levámolo con nós a unha excursión e perdémolo.
-Non te preocupes -dixo Elmer-. Eu prestareille o meu
e mañá buscarei o osiño que se perdeu...*

Elmer volve protagonizar unha historia chea de tenrura, empatía, xenerosidade e axuda colectiva. Nesta ocasión, o simpático elefante multicolor comparte o seu osiño de trapo cun bebé desgustado pola perda do seu boneco. Daquela, porase en marcha unha cadea de solidariedade entre todos os habitantes da selva na procura de tan prezado tesouro.

Neste libro aparece un novo e pintoresco personaxe, Wilbur, curmán de Elmer que, a diferenza súa, é branco e negro, mais comparte con el o carácter burlón e cantareiro.

A medida que avanza a historia medra a intriga porque nin o león, nin o tigre, nin os demais animais da contorna saben do paradiro do osiño. Todos concordan en salientar a importancia do boneco para o benestar das súas crianzas, pola seguridade que lles aporta. E unha vez máis, Elmer dará na clave: "Non é preciso ser diferente para ser especial" porque para cada pequecho, o seu xoguete é único.

Transcorridos máis de 30 anos dende a súa publicación, Elmer xa é un clásico da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea. As súas aventuras, mundialmente coñecidas, protagonizaron máis dunha vintena de títulos editados en numerosos países. Unhas ilustracións cheas de colorido e de contrastes, e un relato con tensión narrativa ben resolta, fan desta serie un recurso imprescindible para primeiros lectores enzalando a tolerancia e o respecto polas diferenzas, afondando no autoconecemento e na individualidade, e destacando a importancia de ser un mesmo.



- **Temática:** xenerosidade, cooperación, amizade.
- **Idade recomendada:** desde 4 anos.
- **Aspectos destacables:** as preocupacións das crianzas (a noite, os medos); emocións; humor; diferenzas, diversidade, aceptación, tolerancia; arte; 26 de maio, Día Mundial de Elmer; do autor de «Elmer» e «Agora non, Bernardo» (Kalandraka).
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/elmer-e-o-osinho-perdido-g>

David McKee

(Reino Unido, 1935)

Mentres estudaba na Escola de Arte e Deseño de Plymouth comezou a colaborar en varios xornais como caricaturista. The Times é un dos prestixiosos medios nos que traballou antes de dedicarse á ilustración. Como autor, dende 1964 ten publicado numerosos libros infantís que acadaron éxito internacional e foron traducidos noutros países. Moitas obras súas convertéronse en proxectos cinematográficos e series de animación para televisión. Recibiu, entre outros premios, o Deutcher Jugendliteraturpreis 1987, Children's Choice Selections 1997, International Reading Association 1997 e 1999, e foi nominado ao Premio Hans Christian Andersen en 2006. "Cando penso nos álbums, vexo que non só é un tipo de libros para nenos; tamén o é para adultos, dun xeito peculiar. Gústame pensar que escribo para o adulto que o neno será un día e para o neno que aínda está nun adulto", ten afirmado.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

